

PLAN ANUAL

DO

DEPARTAMENTO

DE ORIENTACIÓN

1.- INTRODUCCIÓN	3
1.2.- Xustificación do Plan de Orientación.....	4
2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	
2.1. Contextualización do centro.....	5
2.2. Composición do D.O.....	7
2.3. Análise de necesidades.....	8
3. OBXECTIVOS:	
3.1. Co centro.....	11
3.2. Co alumnado.....	11
3.3. Co profesorado.....	12
3.4. Con outras institucións.....	12
3.5. Cos país.....	13
4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:	
4.1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade.....	13
4.2. Accións relacionadas co Plan de Acción Titorial.....	14
4.3 Accións relacionadas co Plan de Orientación Académica	
Profesional.....	16
5. RECURSOS DISPOÑIBLES.....	17
6. ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.....	18
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	19

PLAN DE ORIENTACIÓN CURSO 2017-18

1.- INTRODUCCIÓN

A Lei 8/2013 do 9 de Decembro (LOMCE) é o marco no que se van a desenvolver todas as accións propostas polo departamento. Nesta recóllense como principios básicos de actuación os seguintes:

- A calidade da educación para todo o alumnado
- A equidade da educación como forma de garantir a igualdade de oportunidades a vez que é un elemento compensador das desigualdades persoais, culturais, económicas e sociais.
- O esforzo individual e a motivación dos alumnos/as, e o esforzo compartido por todos os implicados no proceso educativo (alumnos/as, pais/nais, centros, administracións, sociedade).

Un dos fins prioritarios da LOMCE é o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado, a formación nos dereitos e liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres, e o recoñecemento da diversidade afectivo-sexual, tendo un lugar relevante a transmisión de valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a tolerancia e a igualdade.

A nosa labor dentro do Departamento de Orientación rexerase polo Decreto 120/98 do 23 de Abril, polo que se regula a Orientación Educativa en Galicia e na Orde do 24 de Xullo de 1998 que desenrola dito Decreto. Tomaremos como base das liñas prioritarias de actuación do Departamento de Orientación a Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de ESO. Tamén teremos en conta a Circular 10/2010 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para coordinar as actuacións e establecer as accións prioritarias dos servizos de Orientación Educativa e Profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.

O Departamento situará a súa principal liña de actuación na “intervención psicopedagóxica”, para o servizo de toda a comunidade educativa, pretendendo acadar unha educación personalizada e integral. Neste modelo non ten cabida unha orientación entendida como intervención puntual, remedial ou asistemática e como tarefa exclusiva do orientador. A orientación debe enfocarse como unha actividade dentro do currículo escolar de forma que sexa unha tarefa compartida por todos os compoñentes da comunidade educativa. No marco concreto do Centro, a existencia de alumnos/as con necesidades educativas especiais, completa a labor do Departamento de Orientación ao ter que asesorar e colaborar na resposta educativa que se da a estes alumnos/as.

O deseño de actuación do presente curso trata de manter a liña de actuación destes cursos pasados coa intención de consolidar aspectos e dinámicas de actuacións que se valoran como positivas, afondar noutras que sendo válidas unicamente serviron para detectar e sinalar vieiros adecuados e tamén para intentar retos algo máis ambiciosos. Nin que dicir ten que teremos moi en conta aquelas actuacións ou ausencias das mesmas que nas nosas análises se viron erróneas ou pouco axeitadas. Noutros casos, retoma

ranse actuacións que estando xa pensadas e proxectadas apenas se puideron iniciar ou se desenvolveron en precario pese aos esforzos e interese empregado. Somos conscientes das limitacións con que nos encontramos pero o principio básico de cada curso consiste en conseguir avanzar algo máis na mellora da orientación educativa en todos os seus aspectos.

1.2.- Xustificación do Plan de Orientación

Entendemos o Plan de Orientación como o documento de traballo que recolle as actuacións do noso departamento para un curso académico, concretando e apoiando o Plan de Orientación Académico – Profesional, o Plan de Acción Titorial e as medidas de atención á diversidade incluídas no Plan Xeral de Atención á Diversidade e no PEC. Configúrase como un documento aberto, vivo e en constante confluencia coa práctica e coa investigación educativa.

O longo deste plan hai unha preocupación por favorecer unha mellor conexión entre a teoría e a práctica, considerando que a primeira informa á práctica e dende esta constrúese a teoría. Elemento este, esencial para garantir, ou polo menos posibilitar a mellora da calidade educativa. A finalidade do Plan é garantir o exercicio do dereito á orientación de todos os alumnos/as nas ensinanzas Educación Infantil, Primaria e continuar nas ensinanzas postobrigatorias. O marco de referencia do plan de orientación do centro defínese a partir das instrucións ditadas pola Dirección Xeral, dirixidas a unificar as actuacións dos diferentes plans de orientación, establecendo un marcocomúnpara a súa planificación, desenvolvemento e avaliación, así como aqueles ámbitos de actuación prioritarios; sen prexuízo do establecido no proxecto educativo do centro, o que posibilitará a necesaria adaptación das actuacións ós diferentes contextos educativos.

2.- XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO.

2.1.- Contextualización do centro.

O IES Ramón Caamaño está situado na vila de Muxía, capital do concello do mesmo nome, este concello tópase na parte noroccidental da provincia da Coruña, na Comarca de Fisterra dentro na chamada “Costa da Morte”. O devandito concello ten unha extensión de 121 km² e unha poboación aproximada de 5700 habitantes distribuída en 14 parroquias, cun total de 102 núcleos de poboación (pequenas aldeas, na súa meirande parte). A poboación aparece moi diseminada e a escaseza de transporte público e as características xeográficas provocan certo illamento.

Hai que dicir que unha parte relevante da poboación vése afectada novamente pola emigración dende hai uns anos, debido ás dificultades para conseguir unha adecuada estabilidade económica na zona, cun tecido empresarial pouco desenvolvido e poucas facilidades para o desprazamento, como sinalamos.

Na capital do concello vívese principalmente da actividade pesqueira, mentres que

no resto do municipio as actividades principais son a agricultura, a gandería e as explotacións forestais. A vila de Muxía actúa de centro comercial e de servizos de todo o termo municipal.

Segundo consta nos documentos de centro, o nivel socioeconómico das familias é en xeral medio-baixo, cun nivel de estudos primarios ou de ensino secundario básico, existindo un certo número de familias cun baixo nivel socioeconómico.

Ademais, é de destacar que a pobre oferta educativa existente na zona inflúe negativamente na continuación do alumnado en estudos postobrigatorios. En Cee (a 17 km de distancia da Vila) poden estudar bacharelato. Sen embargo, o alumnado que pretende continuar estudos de formación profesional e non está interesado nos ciclos ofertados en Cee (familias de administrativo, electricidade e electrónica, mantemento de vehículos e ciclo de coidados auxiliares de enfermaría) enfróntase á dificultade de saír da casa e vivir nunha cidade (A Coruña ou Santiago). A situación complícase aínda máis para o alumnado que opte pola FP Básica, tendo en conta que en moitos casos estamos a falar de alumnado moi novo e que as familias teñen que facerse cargo do desprazamento ata CEE.

As familias, en xeral amosan interese polo proceso de aprendizaxe dos seus fillos/as e acoden ao centro con frecuencia a falar co profesorado tutor na procura de información sobre o mesmo.

Nos casos en que se detectan dificultades co rendemento académico dos/as fillos/as, polo xeral as familias manifestan contar con poucos recursos e estratexias para reconducir a situación. Asimesmo, manifestan expectativas baixas con respecto ao

logro dos obxectivos académicos e/ou o futuro laboral dos seus fillos e as súas fillas. A labor de orientación dende o centro neste sentido adquire gran relevancia para o proceso educativo.

- **Oferta educativa**

No IES de Ramón Caamaño, ofértanse para o curso 2017/18, as seguintes Ensinanzas.

E.S.O.

1º ESO: 2 grupos

2º ESO: 2 grupos

3º ESO: 1 grupo

4º ESO: 1 grupo

2.2. Composición do Departamento de Orientación

O departamento de orientación queda constituido polos seguintes profesores:

- **Xefa do departamento de orientación:**

Mª Jesús García Taboada

- **Profesor de pedagogía terapéutica:**

Pablo Martínez

- *Titor/as:*

- **Titor/a do ámbito lingüístico-social**

- **Titor/a do ámbito científico-tecnolóxico**

2.3.- *Análise de necesidades.*

A avaliación de necesidades como primeira fase da intervención orientadora permite analizar o contexto educativo, a fin de poder determinar as posibles necesidades educativas, sentando as bases para o establecemento dos obxectivos e das liñas prioritarias de actuación.

Realizamos unha avaliación sistémica relacionada cos distintos ámbitos e axentes de intervención, sen perder de vista ós centros adscritos e a comunidade educativa. Os instrumentos e recursos empregados serán; as reunións de colaboración, individuais e colectivas cos membros do equipo educativo , análise de documentos (Memoria Anual anterior, expedientes, informes, etc.) a observación, rexistro das demandas efectuadas polos profesores, pais e nais, e alumnos /as que se acheguen ao departamento, e a observación directa.

A nivel xeral as posibles necesidades para este curso 2017-18 son:

► Relativas ó alumnado:

- Atender e favorecer a integración do alumnado novo procedente dos centros de primaria.
- Atender ao alumnado con NEAE e poñer en marcha as medidas de intervención máis acordes ás súas necesidades .
- Diseñar e coordinar programas e/ou actividades que potencien o uso da técnicas de traballo intelectual e a súa integración nas distintas materias.
- Promover unha convivencia axeitada, facilitando a integración de todo o alumnado no centro.
- Orientar profesionalmente ao alumnado, tanto no relativo á elección de optativas, de estudos posteriores, e á inserción no mundo laboral.

►Relativas ó profesorado:

- Establecer unha coordinación axeitada co equipo directivo para traballar e intervir cos diferentes sectores da comunidade educativa na mesma liña.
- Dinamización da acción tutorial, a través de reunións cos titores dos diferentes niveis educativos.
- Asesorar e colaborar co profesorado na posta en funcionamento das medidas de atención á diversidade de maneira operativa e eficaz .
- Mellorar a coordinación dos profesores de área co profesor especialista a hora de intervir cos alumnos con NEAE.
- Implicación dos titores e os profesores en xeral nas problemáticas específicas dos alumnos.
- Necesidade de traballo en equipo do profesorado e dinamización das diferentes reunións facilitando a comunicación entre o equipo de profesores dun mesmo grupo.

►Relativas ó centro:

- Necesidade de continuar mellorando a coordinación entre o IES e os centros adscritos para operativizar recursos e mellorar rendemento.
- Participar activamente nas diferentes actividades, conmemoracións e efemérides que se desenvolvan no centro
- Fomentar e mellorar a coordinación familia-escola. Así como a súa implicación na dinámica do centro.
- Posibilidade de desenvolver unhas xornadas de orientación a nivel de centro e contorna.

► **Relativas ós centros adscritos:**

- Intercambio de información e seguimento dos alumnos obxecto dalgunha medida de atención á diversidade específica.
- Seguimento e valoracións pertinentes durante o curso, do alumnado que presente posibles necesidade educativas especiais e sexa de próxima incorporación ao IES.
- Necesidade de orientación académica e profesional do alumnado e familia do último curso de Primaria

► **Relativas ó entorno comunitario:**

- Difusión da organización e funcionamento dos distintos servizos para buscar puntos de unión e gañar en operatividade e funcionalidade.
- Intercambio de información acerca dos alumnos que precisan , dadas as súas necesidades, de intervención interinstitucional.
- Estar en contacto con outras ofertas formativas do contorno e dala a coñecer ao noso alumnado.
- Maior implicación de Servizos sociais, en especial naqueles casos de desaxuste familiar, desestruturación e escasos recursos económicos. Plantexar alternativas e medidas dende a coordinación e o consenso.

3. OBXECTIVOS:

3.1. Co Centro:

- Colaborar co Centro na elaboración de documentación necesaria para o desenvolvemento e intervención educativa: A.C.s, programas de reforzo,...

- Elaborar acordo coas directrices da C.C.P., as propostas da organización da orientación.
- Contribuír a que a avaliación se axuste aos principios de avaliación continua, formativa e orientadora.
- Facilitar ós titores /as e ó profesorado xeral, recursos, posibilidades e asesoramento permanente no ámbito da orientación, tutoría e atención á diversidade .
- Colaborar co equipo directivo na mellora da convivencia e do clima de Aprendizaxe, potenciando a motivación e o valor do esforzo.
- Colaborar co equipo directivo na mellora da convivencia e do clima de aprendizaxe, potenciando a motivación e o valor do esforzo dando repercusión e continuidade ao grupo de mediación de conflitos.
- Manter un contacto periódico coas institucións do entorno

3.2. Co alumnado:

- Colaborar na prevención e detección de dificultades de aprendizaxe e organizar as intervencións para remedialas.
- Proporcionar información e orientación académica e profesional.
- Lograr unha actuación educativa conforme o establecido no POAP contribuíndo o seu desenvolvemento.
- Posibilitar unha orientación e asesoramento individualizado para aqueles alumnos que poidan ter dificultades.
- Elaborar unha guía de orientación para o alumnado de 4º de ESO coa información académica e profesional máis relevantes.

3.3. Co profesorado:

- Coordinar, apoiar e ofrecer soporte técnico en actividades de orientación e tutoría.
- Impulsar a participación do profesorado nas diferentes actividades do P.A.T. e o POAP.
- Informar das características psicopedagógicas de alumnos con N.E.A.E. e/ou problemas da aprendizaxe.
- Asesorar na realización de A.C.s.
- Mellorar a coordinación, seguimento e participación de todos os implicados, no desenvolvemento das actividades tutoriais.
- Implicar a todo o profesorado nunha acción tutorial compartida por todos, contribuíndo ó seguimento do proceso de ensino- aprendizaxe.
- Proporcionar ós titores e profesores, técnicas e estratexias para facilitar a realización de actividades, a relación cos alumnos/as, a coordinación cos profesores e a intervención cos pais/nais.
- Facilitar a labor tutorial proporcionando recursos, técnicas, criterios de actuación, asesoramento, pero sobre todo, reflexión, debate, intercambio de opinións e experiencias.

3.4. Con outras institucións:

- Solicitar asesoramento e colaboración ao Equipo de Orientación Específico da Provincia , CEFORE...
- Colaborar no desenvolvemento de actividades e programas de intervención con: Servizos Sociais, Orientadora Laboral, Técnica de Emprego, Centro de Saúde, etc.

3.5. Cos pais:

- Atender aos pais directamente, tanto por propia iniciativa como a petición do D.O.
- Solicitar a súa colaboración en actividades realizadas dende o D.O.
- Implicar aos pais en actividades de reforzo e apoio.
- Implicar ás familias de cara á consecución de hábitos de estudo no fogar, nas actividades de reforzo e recuperación no proceso avaliador.

4. PLANIFICACIÓN XERAL E DEFINICIÓN DE ACCIÓNS PRIORITARIAS:

No presente curso, este Departamento de Orientación priorizará as seguintes actuacións:

4.1. Relacionadas coa inclusión e a diversidade *(Plan de Apoio ao Proceso de ensino aprendizaxe)*

Atención á diversidade: identificación temperá das necesidades educativas, revisión e modificación das medidas de apoio; asesorar e colaborar co profesorado nas diferentes medidas de atención á diversidade. Paso a expoñer de forma esquemática as principais accións referentes a este eido.

- Dinamizar e realizar un seguimento continuado, dende o Departamento de Orientación, sobre as Medidas de Atención á Diversidade.
- Manter a coordinación co profesorado de área/especialistas de apoio, establecendo a principio de curso un calendario de reunións (con carácter bimensual / trimestral) para facer un mellor seguimento das medidas aplicadas.
- Asesoramento ós departamentos didácticos de cara á integración nas distintas programacións didácticas das medidas de atención á diversidade.

- Recollida de información do alumnado de nova incorporación.
- Realización das avaliacións psicopedagóxicas e posterior informe do alumnado que o precise.
- Entregar un dossier ao profesorado, por parte do DO, sobre o alumnado con NEAE, características das mesmas e propostas de intervención.
- Continuar coa coordinación cos Centros adscritos, unha vez por trimestre, e reunión final cos titores de final de etapa.
- Coordinación coas institucións do entorno, co obxectivo de garantir a conexión e continuidade das colaboracións que se viñan dando en anos anteriores: Centro de Saúde, Servizos Sociais, Asociacións, Servizos de Orientación do ámbito laboral...
- Facilitar asesoramento a toda a comunidade educativa sobre as diferentes medidas e recursos para a atención do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

4.2. Accións relacionadas co Plan de Acción Titorial

Os contidos do P.A.T. están organizados en catro grandes bloques; para o seu desenvolvemento colaborarase co profesor/a titor/as asesorándoos na elaboración de actividades e na súa implementación:

- **Acoller e integrar:** favorecer a integración e participación dos alumnos/as no grupo-clase e no centro en xeral. Dentro deste bloque desenvolveranse as seguintes actividades:
 - Acollida. Información sobre o curso actual e materias novas.
 - Presentación da titor/a.

- Cuestionario de datos persoais.
- Elección de Delegado/a
- Dereitos e deberes. Normas de Convivencia.

Muxía, 5 de outubro de 2107

Asinado: María Jesús García Taboada